

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001136	IES Francisco Aguiar	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	33
4.2. Materiais e recursos didácticos	34
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
6. Medidas de atención á diversidade	36
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	40

1. Introducción

No ano académico, a materia de Historia de 4º de ESO será impartida polo profesor Carlos Díaz Diéguez. En 4º A hai 23 alumnos e alumnas; en 4º B hai 22 alumnos e alumnas; en 4º C hai 25 alumnos e alumnas e en 4º D, 13 alumnos e alumnas. Hai un total de 10 alumnos/as repetidores/as en todo o nivel. Rexístrase un 13,5 % de alumnos ou alumnas cun perfil de NEEA.

A Historia, como disciplina escolar, ten como principal papel profundar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

Nesta materia non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente, a través de toda a ESO mediante conceptos que consideramos nucleares: o tempo histórico, o espazo e os recursos. Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Deste xeito, entendemos a Historia non coma unha narración anecdótica, descritiva ou unha clasificación estereotipada dos rasgos do medio natural e das sociedades pasadas; senón coma unha disciplina explicativa e interpretada, é dicir, un discurso que analiza e interpreta as claves dos procesos e os fenómenos históricos.

Neste senso, o cuarto curso da ESO, como nivel finalista para toda a etapa, debe recoller gran parte dos contidos e criterios abordados con anterioridade, sobre todo aqueles relacionados co Desenvolvemento Sostible -non tanto na súa faceta ecolóxica, senón máis ben no seu papel político e socioeconómico-, o papel do feminismo e os movementos sociais de cuarta xeración e a conformación das sociedades actuais globalizadas e postindustriais.

Aspectos que afectan tanto á historia como ciencia social que estuda o presente, como á xeografía humana e as súas principais preocupacións en canto ás consecuencias das relacións entre o medio físico, os recursos e a humanidade e que ao cabo conforman os grandes espazos rexionais do planeta e que ven afectados por similares problemáticas e conflitos que vivimos hoxe en día.

No aspecto puramente histórico abórdanse os séculos XIX, XX e XXI, desde as bases históricas da dobre revolución -política e económica- protagonizada polos Estados Contemporáneos ata a conformación da sociedade de clases e a súa evolución e caracterización ata o presente. Todo iso en referencia a un longo camiño balizado de procesos dramáticos, como o Imperialismo, o período de entreguerras ou a Guerra Fría, que veñen a interaccionar nunha realidade política e social cada vez máis plural e complexa.

Tamén, valórase a conformación dos procesos democráticos no mundo e en especial en España e Galicia, así como a conformación das distintas identidades individuais, sociais, colectivas e territoriais, que son resultado dos distintos avatares do pasado e os seus protagonistas. Un resultado, aínda aberto e mellorable condicionado polas decisións que o alumnado pode exercer no futuro como cidadáns dun mundo comprometido.

Por último, pero non menos importante, inclúense contidos artísticos e culturais que pretenden exemplificar, polo menos no básico, desde a arte moderna e postmoderno ata as plurais manifestacións actuais. Deberemos explicar non só a evolución formal senón tamén entender a arte contemporánea como unha linguaxe nova, rupturista e comprometida, resultado dos procesos artísticos previos e (des)conectado co noso presente.

En definitiva, o alumno de cuarto curso comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución á ciencia histórica.	Nesta unidade de carácter introdutorio, imos ver, de maneira moi sucinta, o concepto de historia, a tipoloxía de fontes históricas, as principais correntes historiográficas e repasaremos a cronoloxía fundamental da historia occidental.	1	1	X		
2	As revolucións liberais e nacionalistas.	A primeira unidade do curso enlaza ca historia vista en 3º curso da ESO, xa que afonda nas consecuencias das Revolucións Burguesas e a súa expansión, primeiro por Europa e logo polo Mundo. Describiremos na unidade o longo proceso da conquista	9	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	As revolucións liberais e nacionalistas.	<p>dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea, e as resistencias presentadas á Modernidade.</p> <p>A Restauración emerxe como contrapunto que en vez de frear, acelera o proceso de expansión das ideas liberais e nacionalistas, poñendo en clave os principais procesos unificadores e independencias.</p>	9	9	X		
3	A Revolución Industrial e o imperialismo colonial.	<p>Na segunda unidade estudamos a primeira e a segunda fase da Revolución Industrial, así como os cambios socio-demográficos que se producen en Europa, sumados á aparición do movemento obreiro e as ideoloxías revolucionarias que toman o relevo do liberalismo e remataremos coa análise imperialismo, carreira convulsa e frenética por apoderarse do mundo extraeuropeo. Así mesmo, valoraremos as causas, desenvolvemento e consecuencias do Colonialismo e os principais conflitos que advirten a futura Gran Guerra.</p> <p>Por último, e relacionado con este proceso, indicaremos as claves da revolución científico-técnica finisecular que provoca o gran desenvolvemento industrial, o expolio de materias primas nas colonias, convertidas en novos mercados que aseguran o dominio do Mundo por parte de Occidente.</p>	9	9	X		
4	A construción do estado liberal en España no século XIX. Evolución cultural, rexionalismo e nacionalismo.	<p>Na terceira unidade abordamos a expansión do liberalismo e a conformación do Estado Liberal en España, usando as principais fontes que visualizan este proceso.</p> <p>Partindo da Restauración Borbónica mostraremos o lento e complexo proceso de transformación política e social e España e Galiza, en especial no atraso na consecución dos dereitos sociais e laborais.</p> <p>Así mesmo, valoraremos a evolución cultural da España do século XIX, na formación dunha identidade multicultural compartida, partindo do rexionalismo ata chegar á conformación e a importancia do nacionalismo nas nacións subestatais, en especial no caso galego.</p> <p>E por último, valoraremos de xeito crítico o papel das mulleres na España do século XIX, no tocante á consecución dos seus dereitos e ao papel xogado polas pioneiras dos movementos sufraxistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas principais protagonistas e aos cambios no seu papel social, políticos e culturais.</p>	9	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A Arte do século XIX: Realismo, Impresionismo e Postimpresionismo. Movementos artísticos do s. XIX en España e Galiza.	A unidade cuarta pecha o 1º trimestre e supón o colofón cultural e visual que permiten identificar cunha simple ollada os cambios impostos pola sociedade burguesa e o Capitalismo. Partindo do Realismo como bisagra entre a primeira e a segunda metade do s. XIX, clarificaremos o nacemento das novas expresións artísticas revolucionarias: o Impresionismo e o Postimpresionismo.	5	9	X		
6	A Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias. A Revolución Rusa.	A quinta unidade é a primeira do 2º Trimestre, e aborda os conflitos e violencias provocadas a fines do s. XIX e inicios do XX que levan cara a Iª Guerra Mundial, acontecida trala paz armada. Describiremos os principais acontecementos da guerra e as súas repercusións, facendo fincapé no estudo crítico e comparativo con outros conflitos precedentes. Por último, integramos dentro da unidade a Revolución Rusa, ao ser esta producida en parte como consecuencia da Gran Guerra e que vai marcar as relacións internacionais cara a IIª Guerra Mundial.	9	9		X	
7	Dos "Felices anos 20" á Gran Depresión. O auxe do Fascismo e a Segunda Guerra Mundial.	A sexta unidade fai análise da situación económica mundial na segunda e terceira década do s. XX. A súa vez, abórdanse as relacións internacionais como consecuencia da Iª Guerra Mundial e a aparición dos Totalitarismos (Fascismo e Nazismo). A economía de entreguerras permítenos explicar os factores económicos como detonante político e social da sociedade, facendo especial diagnose do crack do 29. Á súa vez indicaremos a conquista dos dereitos individuais e colectivos nestas décadas, sobre todo no caso das mulleres, facendo referencia ás súas principais protagonistas. Por último, valoraremos os conflitos e violencias no período de entreguerras que serán a orixe da nova Guerra Mundial. Describiremos as principais fases e etapas, e sobre todo as consecuencias directas da IIª Guerra Mundial. Todo iso, aportando un estudio crítico e comparativo con conflito anteriores e posteriores. Igualmente, valoraremos criticamente o Holocausto xudeo e as súas consecuencias na historia mundial.	9	9		X	
8	España ante o abismo: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 -	Na séptima unidade pretendemos explicar a situación de España dende a Crise da	9	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	1939).	Restauración e a Guerra do 98 ata a IIª República e a Guerra Civil. En dito período valoraremos a orixe, evolución e adaptación do sistema liberal e democrático en España a través das fontes, en especial no exemplo da IIª República española. Tamén resumiremos o proceso de conquista dos dereitos individuais e colectivos na primeira metade do s. XX. E por último, valoraremos o papel das mulleres na España do 1º terzo do s. XX no tocante a consecución dos seus dereitos e o papel que xogaron as pioneiras dos movementos sufraxistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas principais protagonistas e ao cambio no seu papel social.	9	9		X	
9	O Mundo trala Segunda Guerra Mundial (1945-1991): a Guerra Fría, a Unión Europea e a Descolonización. Consumismo e Terceira Revolución Industrial.	Na oitava unidade, última do 2º Trimestre, falamos do proceso de reconstrucción trala IIª Guerra Mundial e a conformación dunha nova organización política internacional: Guerra Fría, Descolonización e o nacemento do 3º Mundo. Necesariamente explicaremos os principios conflitos e fundamentos xeoestratéxicos relacionados coa nova orde mundial. Tamén valoraremos o papel dos organismos internacionais na busca da Paz. Entremedias destes proceso xurde o precedente da Unión Europea como alternativa histórica á política tradicional no Vello Continente, cuxos obxectivos serán o asentamento da democracia, o desenvolvemento económico e a paz social e continental. Coñeceremos as súas institucións e funcións, así coma os máis importantes fitos no asentamento do Estado do Benestar en Europa. Por último, reflexionaremos sobre a 3ª Revolución Industrial e as consecuencias dela no asentamento do Estado do Benestar, o Consumo de Masas e os Novos Movementos Sociais (feminismo, ecoloxismo e pacifismo).	9	9		X	
10	España baixo a ditadura de Franco (1939-1975). A represión e a memoria histórica democrática.	Na novena unidade, primeira do 3º Trimestre, abordaremos a Ditadura Franquista ao describir as súas principais etapas e características. Valoraremos criticamente a represión e as experiencias traumáticas provocadas pola Guerra Civil e polos corenta anos de Ditadura, distinguindo o diferente papel da historia e a memoria democrática, e o importante papel desta na reconstrucción	9	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	España baixo a ditadura de Franco (1939-1975). A represión e a memoria histórica democrática.	social e política da España actual.	9	9			X
11	O Mundo Actual (1991-2020). Novos movementos sociais e emerxencias na segunda década do s. XXI. A Era de Internet e a Globalización.	Na décima unidade, partindo dos movementos xeoestratéxicos trala fin da Guerra Fría ata hoxe, valoraremos os posicionamentos e accións das principais potencias para contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sostible. Destacaremos as principais transformacións científicas e tecnolóxicas do s. XXI (dende unha perspectiva ética) e a complexidade da Globalización e de Internet e dos medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais. Tamén se abordarán os cambios culturais e novos movementos sociais de 4ª xeración nun mundo global: feminismo e dereitos da comunidade LGTBI+ (facendo fincapé na loita polos seus dereitos e a igualdade de xénero, citando exemplos relevantes), o novo ecoloxismo, pacifismo e o compromiso cívico e a participación cidadá (asociacionismo e voluntariado). En fin, reflexionaremos sobre a igualdade real de homes e mulleres, a eliminación da discriminación por identidade ou xénero e a consecución dos dereitos civís polas minorías.	9	8			X
12	Da Transición á España de hoxe (1975-2020). Cambio político e social cara o Estado do Benestar. Desafíos da España do s. XXI.	A penúltima unidade está dedicada á Transición política e a configuración do estado democrático en España tras a fin da Ditadura e a Constitución de 1978 e a descrición do estado do benestar en España. Tamén abordaremos o Estado das Autonomías e en concreto o estatuto de autonomía de Galiza. Reflexionaremos sobre os efectos da memoria democrática - desde un punto histórico, pero tamén presente e emocional-, a cohesión social e a integración, así como as medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. Por último, tamén xulgaremos criticamente o papel de España na UE e os valores do europeísmo a través de fórmulas como a participación en programas educativos europeos.	9	8			X
13	A Arte do s. XX ao s. XXI: Vangarda e PostVangarda e novas formas de expresión artística actuais. Movementos	A duodécima e derradeira unidade, estará dedicada aos principais movementos e expresións artísticas e culturais do s. XX e XXI, é dicir, as Primeiras e Segundas	4	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
13	artísticos do s. XX e XXI en España e Galicia.	Vanguardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. Faremos especial fincapé na arte actual en España e Galiza, destacando aos principais artistas e o noso patrimonio como ben e como recurso. Valoraremos a posta en valor, difusión e gestión da riqueza patrimonial e a súa importancia na nosa realidade, á vez que fomentaremos o respecto e a conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galiza. Por último, analizaremos a diversidade cultural no mundo actual.	4	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución á ciencia histórica.	1

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Explicar os problemas presentes en relación ao pasado, tendo en conta a escala local e global.	TI	100
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Establece conexións de causalidade simple entre un feito histórico e outro, deducindo a intencionalidade dos actores e actrices históricos.		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Transmite de forma oral e de xeito sinxelo a información esencial sobre un feito histórico.		
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Sabe situar un fenómeno histórico no tempo e no espazo, no seu século e etapa histórica correspondente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Utiliza varias fontes históricas para contrastar a información sobre un feito histórico.		
CA2.5 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	É capaz de elaborar un xuízo persoal sobre un acontecemento histórico, de xeito razoado e respectuoso coas opinións doutras persoas.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica as diferentes facetas dun contexto histórico, sabendo atribuír a importancia relativa a cada unha.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Expresa o seu xuízo persoal e incorpora os seus elementos de identidade á comprensión da realidade que o circunda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.

UD	Título da UD	Duración
2	As revolucións liberais e nacionalistas.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA2.2 - transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade

Contidos

- contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.
- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.
- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.
- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.

UD	Título da UD	Duración
3	A Revolución Industrial e o imperialismo colonial.	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.3 - Rexear actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna. - As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo. - Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e comparativo. - Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.

UD	Título da UD	Duración
4	A construción do estado liberal en España no século XIX. Evolución cultural, rexionalismo e nacionalismo.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade

Contidos

- contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.
- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.
- Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia.
- O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea.
- A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.

UD	Título da UD	Duración
5	A Arte do século XIX: Realismo, Impresionismo e Postimpresionismo. Movements artísticos do s. XIX en España e Galiza.	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	PE	70
